

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE MANDIÁ
DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2016**

No local da Asociación de Veciños de Mandiá, situado en Vilela, 3, Ferrol, sendo as 17:05 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Mandiá cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegá da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	18	Nº de homes:	6
		Nº de mulleres:	12

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Mandiá tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Samuel Bastida López
En representación de entidades	César Penabad López (AVV Santa Uxía de Mandiá)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Samuel Bastida López
César Penabad López

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Mandiá e que a modo de resumo son os seguintes:

- Problemas de saneamento.
- Mellora dos servizos sanitarios (ambulatorio de Serantes).
- Festas patronais.
- Plan xeral de ordenación municipal. Recalificación do solo.
- Instalacións deportivas.
- Mantemento de viais. Infraestructuras da Deputación.
- Problemas con especies arboreas invasoras.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 18:15 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro